

FONDO SOLIDARIO DE LIBROS, AXUDAS PARA MATERIAL ESCOLAR

- **Presentación da solicitude: do 22 de maio ata o 22 de xuño.**
- **Publicación das listaxes provisionais: o 12 de xullo de 2018.**
- **Reclamacións: o 12 e 18 de xullo de 2018.**
- **Para publicar as listaxes definitivas: o 14 de setembro de 2018.**

DEBERÁN PRESENTAR A SOLICITUDE TODOS/AS OS ALUMNOS/AS QUE QUEIRAN SOLICITAR AS AXUDAS PARA MATERIAL ESCOLAR OU QUE SE LLES ENTREGUEN LIBROS DO FONDO SOLIDARIO O PRÓXIMO CURSO.

PRAZO FINAL PARA PRESENTAR A SOLICITUDE: 22 DE XUÑO.

NON SE ADMITIRÁN SOLICITUDES PRESENTADAS MÁIS TARDE DO 22 DE XUÑO

Poderán participar nesta convocatoria aquelas unidades familiares que con data 31 de decembro de 2015 cumplan os seguintes requisitos:

- Para participar no fondo solidario: renda per cápita familiar igual ou inferior a 9.000€
- Para solicitar axuda para adquirir material escolar: renda per cápita igual ou inferior a 5.400€

Do fondo solidario o alumnado recibirá:

- alumnado con renda per cápita familiar igual ou inferior a 5.400 euros: seis (6) libros de texto.
- alumnado con renda per cápita familiar superior a 5.400 euros e igual ou inferior a 9.000 euros: catro (4) libros de texto.
- Ao alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65 %: seis (6) libros con independencia da renda.

Documentación necesaria para solicitar a participación no fondo solidario de libros de texto ou as axudas á adquisición de libros de texto e/ou material escolar:

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica nos formularios normalizados dispoñibles na aplicación informática **Fondolibros** (<https://www.edu.xunta.gal/fondolibros>) a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente nos centros docentes ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

- Solicitude: Anexo I. Si hai varios membros da unidade familiar matriculados no mesmo centro entregarase **UNHA SOA SOLICITUDE**
- Membros computables da unidade familiar. Copia do libro de familia e/ou:
 - 1º. Sentenza xudicial de separación ou divorcio ou, de ser o caso, convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/da menor.
 - 2º. Certificado ou volante de convivencia.
 - 3º. Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.
 - 4º. Certificado de defunción.
- Poderá autorizar a consulta telemática dos datos, si non é así deberá presentar a documentación xustificativa correspondente

FUNCIONAMENTO DO FONDO SOLIDARIO

Lembramos que para poder participar no FONDO SOLIDARIO é imprescindible **DEVOLVER** os libros que se recibiron do FONDO SOLIDARIO (3º - 4º de ESO).

Prazo máximo para devolvelos: 21 de xuño. Os que teñan que examinarse en setembro levarán os libros que precisen e deberán devolvelos antes do 7 de setembro

MÁIS INFORMACIÓN: <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesafonsoxcambre/>
<http://www.edu.xunta.gal/portal/node/22211>